

Presentación do libro *"Sumisión química y uso de sustancias psicoactivas en las agresiones sexuales: Prevención, detección e intervención ante un problema multidisciplinar"*.



Xoves, 1 de xuño de 2023, 20:00 horas.

Inscripción gratuíta. Deberase enviar o boletín de inscrición cumprimentado ao COPG.

- Dirixido a profesionais da psicoloxía e alumnado de grao de psicoloxía.

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE



Presentación do libro "Sumisión química y uso de sustancias psicoactivas en las agresiones sexuales: Prevención, detección e intervención ante un problema multidisciplinar".

É o primeiro libro que aborda en España con verdadeiro rigor científico o alarmante problema da Sumisión Química e as agresións sexuais no lecer nocturno, desde unha óptica multidisciplinar e o máis estrito sentido da responsabilidade social e institucional.

O libro tentan facer unha análise integral, obxectiva e proactiva desta crecente problemática, desde o rigor científico e o compromiso social, que segundo eles deben ser os dous pilares básicos que teñen que guiar sempre o desenvolvemento normativo.

PRESENTAN



Antonio Rial Boubeta (G-6671):

Profesor titular da Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela. Director técnico da Unidade de Psicoloxía do consumidor e usuario. Investigador no ámbito da xuventude especialmente no consumo de drogas e uso problemático de internet e novas tecnoloxías.

Manuel Isorna Folgar (G-3593):

Profesor da Facultade de Ciencias da Educación e Traballo Social da Universidade de Vigo. Investigador en drogodependencias e condutas adictivas principalmente no ámbito xuvenil.

